



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA E A ASOCIACIÓN MANAIA PARA A
EXECUCIÓN DO “PROGRAMA DE PREPARACIÓN, APOIO E
ACOMPAÑAMENTO ÁS FAMILIAS ADOPTIVAS”**

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, don José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 148/2016, do 13 de novembro, do seu nomeamento, o Decreto 146/2016, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 177/2016, do 15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 176/2015, do 3 de decembro polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e a resolución de 8 de abril de 1991 pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

E doutra, dona Tania Lago Aller, con DNI 36.148.598 G en calidade de representante legal da Asociación MANAIA, acreditado con poder notarial bastante, con CIF G36975944, e con domicilio social na rúa Rosalía de Castro 5 – Barrantes. C.P. 36.636 Ribadumia.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación das súas respectivas institucións no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,



ASOCIACIÓN MANAIA

Inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia co número 2006/009774-1(SC)

C.I.F. G-36.975.944

1

Rosalía de Castro 5, Barrantes
36636 Ribadumia, Pontevedra



EXPOÑEN

Primeiro. As Administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e máis o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Segundo. A Constitución Española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que os menores deberán gozar da protección prevista nos acordos internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España desde o 5 de xaneiro de 1991.

Terceiro. A Comunidade Autónoma galega, segundo o disposto no artigo 27.23 do Estatuto de Autonomía de Galicia, ten competencia exclusiva en materia de asistencia social, sendo aprobadas en virtude da dita competencia a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Cuarto. A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, ten asumido entre as súas competencias, segundo o artigo 13. 1. b) do Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, a protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuizamento Civil e no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, a Lei orgánica 8/2015, de 22 de xullo, de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia, a Lei 26/2015, de 28 de xullo de modificación do sistema de



ASOCIACIÓN MANAIA

Inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia co número 2006/009774-X(SC)

C.I.F. G-36.975.944 2

Rosalía de Castro 5, Barrantes
36636 Ribadumia, Pontevedra



protección á infancia e á adolescencia e o Decreto 42/2000 do 4 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia, modificado polo Decreto 406/2003, do 29 de outubro.

Quinto. A adopción é unha medida de protección dirixida á persoa menor de idade en situación de desamparo, consistente na integración definitiva desta nunha familia distinta á súa familia de orixe. A Xunta de Galicia promove a adopción dunha persoa menor cando, valorada a súa situación e circunstancias, se constate a inviabilidade da permanencia definitiva ou da reintegración na súa familia de orixe, responda ao interese daquela e constitúa a medida máis axeitada para atender ás súas necesidades.

A adopción é un dereito dos nenos, o seu propósito é buscar unha familia para un neno que a necesita. Polo tanto, é fundamental que a familia estea preparada e conte coas estratexias precisas para afrontar o reto de crear unha nova familia, que sexa coñecedora das situacións que se lle poidan presentar, das distintas etapas polas que vai pasar, dos recursos aos que poder acudir, etc.

Un dos factores que, sen dúbida, axudan a garantir o éxito no proceso adoptivo é a formación continua e o apoio familiar, tanto dende un punto de vista emocional como estratéxico e educativo.

Sexto. A Asociación MANAIA é unha asociación sen ánimo de lucro que se rexe polos seus estatutos e pola Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación é demais normativa aplicable. Está rexistrada no Rexistro de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais co núm. E-6183.

Sétimo. A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Política Social, e a Asociación MANAIA, comprometida institucionalmente coas familias adoptantes e os menores adoptados, consideran necesario reforzar o acompañamento e o apoio ás familias adoptantes para dotalas de competencias no manexo das dificultades e necesidades específicas dos menores adoptados.

Desta forma a Asociación MANAIA, pon ao servizo da Administración o "Programa de apoio e acompañamento ás familias adoptivas" nas catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia, e que complementa de xeito importante os programas que desenvolve a Consellería de Política Social no eido da protección dos menores e especificamente no programa de Adopción, co fin de chegar a obxectivos comúns.





Oitavo. A Consellería de Política Social considera de especial importancia favorecer a programas como o que se describe, a través do cal a Asociación MANAIA aporta un punto de vista único para desenvolver a actividade obxecto deste convenio, debido a que enfoca o seu traballo dende a perspectiva de familias adoptantes que poden transmitir en primeira persoa a experiencia característica deste proceso.

Considérase polo tanto idónea á Asociación MANAIA pola a súa experiencia no ámbito da formación, asesoramento e atención á familias en proceso de adopción e familias adoptivas, contando ademais con recursos humanos e estrutura suficiente para desenvolver o programa que pon a dispor da Administración.

De acordo co artigo 2.1.c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o proxecto financiado ten por obxecto o fomento e desenvolvemento dunha actividade de interese social. Ademais, o artigo 19.4.c) da mesma lei establece que, con carácter excepcional, subvencionaranse aquelas actuacións que acrediten razóns de interese social e humanitario. Así mesmo, o artigo 31.2 –en relación co artigo 55- da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia habilita, por razóns de interese público e debidamente xustificadas, a subscrición de convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrência pública, como é o caso.

A execución material do programa que se desenvolve no clausulado e anexo II deste convenio materialízase ante a insuficiencia de medios da Comunidade Autónoma, mediante a sinatura dun convenio de colaboración coa Asociación MANAIA a cal está especializada no ámbito da infancia, cun traballo orientado a garantir o dereito a vivir en familia achegando ás familias adoptantes e os profesionais a realidade adoptiva de Galicia, así como promocionar espazos de reflexión en busca de alternativas reais ao iniciar novos procesos adoptivos.

Por outra banda, a Asociación MANAIA achega o valor engadido de cofinanciar o desenvolvemento do programa con fondos aportados por outras administracións públicas, privadas e tamén con fondos propios da entidade, o que permite a súa realización en condicións económicas máis vantaxosas para a Consellería de Política Social.





En virtude do exposto, ambas as dúas partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración que desenvolverase de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto deste convenio é establecer o marco de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Asociación MANAIA para o desenvolvemento na Comunidade Autónoma de Galicia do "Programa de preparación, apoio e acompañamento ás familias adoptivas" posto a dispor da Administración mediante o cal se facilita o adecuado desenvolvemento da persoa menor adoptada mediante a orientación, o asesoramento, acompañamento e apoio especializado ás familias adoptantes e/ou as persoas menores.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos recollidos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

SEGUNDA. BENEFICIARIOS/AS DO PROGRAMA

Persoas menores adoptadas e familias adoptantes da Comunidade Autónoma de Galicia.

TERCEIRA. OBXECTIVOS E CONTIDO

O obxectivo do programa é ofrecer a preparación, a orientación, o acompañamento e o apoio ás familias adoptantes para dotalas de competencias no manexo das dificultades e necesidades específicas dos menores adoptados.

Para a súa consecución desenvolveranse as seguintes actividades:

- Atención telefónica, electrónica e presencial ás familias en proceso de adopción e as familias adoptivas co fin de dar orientación e asesoramento en situacións problemáticas que poidan xurdir.



ASOCIACIÓN MANAIA

Inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia co número 2006/009774-(R.C.)

C.I.F. G-36.975.944

Rosalía de Castro 5, Barrantes
36636 Ribadumia, Pontevedra



- Creación de grupos de apoio, escolas de nais e pais e obradoiros específicos coa presenza de familias con experiencia na adopción de menores e profesionais especializados para dotar ás familias de recursos e habilidades imprescindibles para a integración social do menor e a súa vinculación familiar.
- Realización de encontros anuais entre familias en proceso de adopción e adoptivas, abertas ás persoas interesadas nesta materia, coa presenza de profesionais de recoñecido prestixio para achegar a realidade da experiencia diaria de integración dunha persoa menor nacional ou doutro país ás familias neste proceso.
- Organización de congresos, simposios e xuntanzas en materia de adopción.

O detalle correspondente ás actividades indicadas anteriormente reflíctense no anexo II Programa de preparación, apoio e acompañamento ás familias adoptivas.

CUARTA. COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

Para o desenvolvemento do programa a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, comprométese a:

1. Difundir entre as familias en proceso de adopción e as adoptivas as actividades derivadas deste convenio e coordinar a participación das interesadas nelas.
2. Ofrecer soporte ao equipo responsable da execución do programa tanto no desenvolvemento deste coma nas dificultades que xurdan durante as diferentes actuacións e levar a cabo xuntanzas de traballo, cando sexan necesarias.
3. Supervisar todas as actuacións referidas ao desenvolvemento do programa que son competencia da Consellería.

QUINTA. COMPROMISOS DA ASOCIACIÓN MANAIA

A Asociación MANAIA deberá cumprir cos requisitos e as obrigas establecidos nos artigos 10 e 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia no





que respecta ao desenvolvemento do programa obxecto deste convenio, e comprométese ademais a:

1. Dar a coñecer entre a sociedade galega a posta en marcha do “Programa de preparación, apoio e acompañamento ás familias adoptivas”.
2. Realizar todas as actividades de preparación, orientación, acompañamento e apoio ás familias en proceso de adopción e adoptantes para dotalas de competencias no manexo das dificultades e necesidades específicas dos menores adoptados.
3. Proporcionar, a través dos seus medios propios ou alleos, os locais onde se levarán a cabo as actividades.
4. Coordinarse coa Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica e cos equipos de adopción das xefaturas territoriais da Consellería de Política Social para o correcta difusión e desenvolvemento do programa.
5. Desenvolver o programa tendo en conta a lexislación vixente en materia de protección de menores e a primacía do superior interese do/da menor sobre calquera outro.
6. Elaborar unha memoria anual dentro do mes seguinte á finalización do convenio, que debe incluír os seguintes apartados:
 - Xustificación do gasto.
 - Actividades realizadas.
 - Recursos económicos, materiais e de persoal empregados.
 - Valoración global.
 - Accións de innovación e investigación.
7. Subministrar á Consellería de Política Social toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de conformidade co disposto no artigo 4 da dita lei.

SEXTA. PERSOAL PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA

Para o desenvolvemento do programa a Asociación MANAIA disporá de persoal especializado nesta área de actuación, con dedicación exclusiva.





O persoal que a Asociación MANAIA poña a disposición deste programa en ningún caso poderá actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social, debendo ser a citada entidade a que imparta as oportunas ordes aos seus traballadores e a que ostente respecto destes o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos, obrigas, riscos e responsabilidades inherentes a súa condición de empregador.

A sinatura do presente convenio non implicará relación laboral ou de calquera outra natureza entre as persoas que o desenvolvan e a Consellería de Política Social, polo que non se lle poderá esixir a esta, responsabilidade ningunha por estes conceptos, nin directa nin subsidiaria.

SÉTIMA. CONDICIÓN S ECONÓMICAS

A Consellería de Política Social contribuirá ao financiamento dos gastos derivados da execución do presente convenio cunha contía global de corenta e catro mil euros (44.000,00 €), que se financiará con cargo á partida orzamentaria 12.02.312B.481.0, na que existe crédito axeitado e suficiente, de acordo coa Lei 8/2017, do 26 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2018. A devandita achega económica limitase á compensación de gastos e en ningún caso supón beneficio económico para a entidade conveniente.

Así mesmo, a Asociación MANAIA comprométese a achegar a cantidade de sete mil douscentos euros (7.200,00 €) procedentes de fondos propios da entidade e/ou de subvencións recibidas por esta.

As devanditas cantidades destinaranse a soportar os gastos que aparecen desagregados no anexo I deste convenio. Non obstante, poderanse admitir variacións no importe de cada unha das partidas sinaladas, sempre que a cantidade total achegada por cada unha das partes no convenio non varíe.

O importe da subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.

O pagamento da cantidade achegada pola Consellería de Política Social realizarase, en aplicación do artigo 62 e 63 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, do seguinte xeito:



ASOCIACIÓN MANAIA

Inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia co número 2006/009774 (I(SC))

C.I.F. G-36.975.944 8

Rosalía de Castro 5, Barrantes
36636 Ribadumia, Pontevedra



- Poderanse realizar pagamentos parciais a conta, ata un máximo de 35.200,00 € (80% da cantidade subvencionada), a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio.
- A este respecto, esta entidade queda exonerada de constituír as garantías a que fan referencia os artigos 62.3 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, por tratarse duna entidade das características determinadas no artigo 65.4 f) do dito Decreto.
- Os 8.800,00 € restantes (20% da cantidade subvencionada), pagaranse unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

A actividade e os gastos que poidan ser subvencionables, deben xustificarse de conformidade ao previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A tal efecto debe presentarse:

1. Unha memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
2. Unha memoria económica xustificativa do coste das actividades realizadas, que conterà:
 - a. Unha relación clasificada dos gastos e inversións da actividade, coa identificación do acredor e do documento, o importe, a data de emisión e, no seu caso, data do pago. No caso de que a subvención outórguese consonte a un orzamento, indicaranse as desviacións producidas.
 - b. As facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico-mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que faise referencia no apartado anterior a documentación acreditativa do pago. As mesmas serán cotexadas por parte da órgano encargado do control da documentación presentada, e estampadas cun selo que acredite a súa imputación ao convenio.
 - c. Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de reparto dos costes xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai





referencia na letra a), agás naqueles casos no que as bases reguladoras da subvención teñan previsto a súa compensación mediante un tanto alzado sen necesidade de xustificación.

- d. Os tres orzamentos que, en aplicación do art. 29.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións Galicia, deba solicitar o beneficiario.
3. En canto aos custos salariais, a Asociación MANAIA deberá presentar, referida á mensualidade ou mensuralidades polas que se solicita, a seguinte documentación:
- a. Relación nominal dos traballadores/as que se inclúen como xustificación do programa subvencionado.
 - b. Recibos de salarios
 - c. Documentos TC2 e TC1 dos traballadores correspondentes ao meses imputados
 - d. Impresos de liquidación nominal do IRPF (modelos 111 e 190)

Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia ou cargo bancario correspondente que acredite a realización do seu pago.

A cantidade a imputar á actividade subvencionada será do 100% do gasto do/a técnico, cando este dedica ao total da xornada a desempeñar tarefas das actuacións subvencionadas; no caso de dedicación inferior á xornada contratado, o gasto imputado será proporcional a súa dedicación ás actuacións subvencionadas. A tal efecto se non se atopase diferenciado na nómina e nesta se inclúen outros conceptos retributivos, adxuntarase un cálculo xustificativo da imputación efectuada segundo o criterio de horas da actuación realizada en relación co total de horas traballadas.

A subvención cubre os gastos salariais e de Seguridade Social, polo que as liquidacións, complementos extra salariais ou indemnización de fin de contrato non se poden imputar.





Tampouco serán subvencionables, as vacacións pagadas, pero non desfrutadas, nin as horas extras ou traballos realizados fóra da xornada habitual de traballo.

Nas baixas por IT e maternidade:

- No caso de substitución do traballador titular subvencionaranse os custos que ocasiona o traballador que substitúe ao traballador titular.
- No caso de que non se substitúa o traballador titular, o importe non usado deberá reintegrarse na súa totalidade (excepto a liquidación das pagas extras cando o convenio colectivo de aplicación recolla para este suposto a obrigatoriedade do seu pagamento.)

4. En canto á xustificación do cumprimento de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, a Asociación MANAIA autoriza á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica a súa verificación a través dos medios electrónicos dispoñibles.

O prazo máximo de xustificación é o 20 de decembro do 2018.

A Asociación MANAIA, no momento da xustificación da execución total do proxecto e, en calquera caso, antes do derradeiro pagamento, presentará unha declaración de todas as axudas solicitadas para este mesmo programa, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, das distintas Administracións Públicas competentes ou das súas entidades vinculadas ou dependentes.

OITAVA.- COMPATIBILIDADE

Estas axudas son compatibles con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais. O importe total non poderá ser superior ao importe da subvención.

NOVENA. XUSTIFICACIÓN E CONTROL

A Asociación MANAIA someterase ás actuacións de comprobación que a Consellería de Política Social poida requirirille para a debida xustificación da



ASOCIACIÓN MANAIA

Inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia co número 2002/009774-1(SC)

C.I.F. G-36.975.944

11
Rosalia de Castro 5, Barrantes
36636 Ribadumia, Pontevedra



axuda concedida e do cumprimento dos fins deste convenio, ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas.

Así mesmo, suxeitarase ao disposto nos artigos 11 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia e 14 c) da Lei 38/2003, do 17 de decembro, xeral de subvencións, ademais de comprometerse ao cumprimento do resto das obrigas do artigo 11 da citada Lei 9/2007.

A Asociación MANAIA deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

NOVENA. CONFIDENCIALIDADE

As partes asinantes deste convenio garanten a total confidencialidade dos datos persoais e familiares aos que teñan acceso como consecuencia das actividades que se vaian realizar, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados, de acordo coa Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, co Real decreto 1720/2007, do 21 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, e coa Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

No seu cumprimento, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Política Social, responsable do ficheiro “Xestión de servizos Sociais” e “Relacións administrativas coa cidadanía e entidades”, regulados ambos pola Orde do 15 de decembro de 2011, polo que se regulan os ficheiros de datos de carácter persoal (DOG núm. 246, do 27 de decembro), autoriza á Asociación MANAIA o acceso aos datos de carácter persoal contidos no devandito ficheiro, para os únicos efectos da execución deste convenio.

A Asociación MANAIA tratará os datos só coas finalidades e os usos exclusivamente precisos para a execución deste convenio, polo que non poderán ser usados para un fin distinto. En particular, deberán prestar cumprimento ás previsións establecidas para o ficheiro de Servizos Sociais, incluído no anexo I da Orde do 15 de decembro de 2011, pola que se regulan os ficheiros de datos



ASOCIACIÓN MANAIA

Inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia co número 2006/009774-1 (RC)

C.I.F. G-36.975.944

12

Rosalía de Castro 5, Barrantes
36636 Ribadumia, Pontevedra



de carácter persoal existentes na Consellería de Política Social. Os datos persoais aos que teñan acceso as encargadas do tratamento non serán comunicados a terceiros, nin sequera para a súa conservación.

Unha vez finalizada a vixencia deste convenio os datos de carácter persoal deberán ser destruídos ou devoltos ao responsable do ficheiro, ao igual que calquera soporte ou documento en que conste algún dato de carácter persoal obxecto do tratamento. Porén non procederá a destrución dos datos cando exista una previsión legal que esixa a súa conservación; neste caso deberá procederse á súa devolución, garantindo o responsable do ficheiro a dita conservación.

DÉCIMA. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento da execución do convenio o coñecemento de calquera cuestión sobre a súa interpretación, modificación, resolución ou efectos que poda xurdir, prevese a creación dunha comisión mixta conforme ao establecido na Ley 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e que estará integrada por representantes das partes. No caso de persistir as desavinzas, elevarase a resolución do conflito ao Conselleiro de Política Social.

A comisión mixta estará formada polos seguintes membros:

- Dous representantes da Consellería de Política Social e, no seu caso, os respectivos suplentes, designados polo conselleiro.
- Dous representantes da Asociación MANAIA e, no seu caso, os respectivos suplentes, designados pola súa presidencia.

Actuará como secretario/a, con voz pero sen voto, un/unha funcionario/a da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.

A Comisión reunirase a lo menos dúas veces ao ano: unha trala sinatura deste convenio e outra trala edición da Memoria Anual. Ademais reuniranse tantas veces sexa necesario por solicitude xustificada de calquera das partes.

DÉCIMO PRIMEIRA. VIXENCIA

O presente convenio estará vixente desde data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018. Non obstante abranguerá as accións obxecto deste convenio que se realicen pola entidade desde o 1 de xaneiro de 2018.



ASOCIACIÓN MANAIA

Inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia co número 2006/009774-1 (SC)

C.I.F. G-36.975.944

13

Rosalía de Castro 5, Barrantes
36636 Ribadumia, Pontevedra



A vixencia do convenio de colaboración conxuntamente coas posibles prórrogas non poderán superar os 4 anos, tal e como establece o artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

DÉCIMO SEGUNDA. NATUREZA XURÍDICA E CUESTIÓNS LITIXIOSAS

O presente convenio ten carácter administrativo, e réxese polas cláusulas establecidas nel e, no seu defecto, polo establecido na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, para resolver as lagoas e dúbidas que puidesen presentarse, pola Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público, o Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia; Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións; Regulamento da Lei Xeral de subvencións, aprobado mediante o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de Transparencia e bo goberno; o Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia; o Acordo adoptado polo Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 27 de marzo de 1991 e feito público mediante Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, e demais normativa xeral que lle sexa de aplicación.

En especial, o convenio quedará sometido a o disposto no artigo 11, sobre deberes dos beneficiarios, no artigo 17.3. sobre financiamento das actividades subvencionadas, no artigo 32, sobre as causas de invalidez da resolución da concesión, e no artigo 33, sobre as causas de reintegro, da referida Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, sendo aplicables os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público para resolver as dúbidas e lagoas que podan presentarse.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación ou efectos do convenio que non puideran ser resoltas no seo da comisión mixta de seguimento serán resoltas polo conselleiro de Política Social poñendo os seus acordos fin á vía administrativa. Contra elas cabe recurso potestativo de reposición ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou



ASOCIACIÓN MANAIA

Inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia co número 2006/009774-1(SC)

C.I.F. G-36.975.944

14

Rosalía de Castro 5, Barrantes
36636 Ribadumia, Pontevedra



directamente, no prazo de dous meses, ante a Sala do Contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso administrativa.

DÉCIMO TERCEIRA. CAUSAS DE RESOLUCIÓN E EFECTOS DA MESMA

Serán causas de resolución do presente convenio:

- Incumprimento total ou parcial de calquera das súas cláusulas que o regulan.
- Pola aplicación dos fondos a fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- Polo transcurso do tempo fixado sen que se execute a inversión obxecto da subvención.
- As establecidas nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procedendo, se fora o caso, o reintegro total o parcial da axuda percibida e dos xuros de mora devengados dende o momento do seu pagamento ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

De resolverse o convenio, a Consellería de Política Social, poderá exixir o reintegro das cantidades achegadas. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, procederá ao reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos supere o custo da actividade subvencionada.

En canto aos efectos estarase ao establecido no artigo 52 da citada da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO CUARTA. PUBLICIDADE

De conformidade co establecido na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, e coa autorización expresa da Asociación MANAIA, este convenio será obxecto de difusión no Diario Oficial de Galicia e a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica.





remitirá os datos necesarios para a publicidade do convenio nos rexistros públicos e informará na súa páxina web oficial da subscripción cos seguintes datos básicos: identificación das partes, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

Así mesmo o convenio quedará sometido en canto a publicidade das subvencións ao establecido no artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

Ademais, este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o instrumento de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de datos nacional de subvencións (BDNS).

A Asociación MANAIA autoriza á Consellería de Política Social a incluír e facer públicos os datos relevantes referidos ao convenio asinado no rexistro público de convenios creado polo Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal de transparencia e Goberno aberto.

En proba de conformidade con canto antecede, as partes intervenientes asinan o presente convenio, por triplicado exemplar, no lugar e data indicados ut supra.

**O CONSELLEIRO DE
POLÍTICA SOCIAL**

José Manuel Rey Varela



**A REPRESENTANTE LEGAL
DA ASOCIACIÓN MANAIA**

Tania Lago Aller
ASOCIACIÓN MANAIA
Inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia co número 2006/009774-1(SC)
C.I.F. G-36.975.844
Rosalia de Castro 5, Barrantes
36636 Ribadumia, Pontevedra




XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Familia, Infancia
e Dinamización Demográfica

Anexo I

DESGLOSE DE GASTO PARA A EXECUCIÓN DO CONVENIO 2017		
CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN MANAIA		
Concepto	Asociación MANAIA	Xunta de Galicia
<i>Persoal contratado</i>	4.000,00 €	26.000,00 €
<i>Dietas/desprazamentos</i>	700,00 €	3.800,00 €
<i>Actividades, conferencias, obradoiros...</i>	2.200,00 €	12.500,00 €
<i>Comunicacións e gastos informáticos</i>	100,00 €	500,00 €
<i>Gastos de administración e xestión</i>	150,00 €	750,00 €
<i>Outros gastos</i>	50,00 €	450,00 €
Total	7.200,00 €	44.000,00 €



ASOCIACIÓN MANAIA

inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia co número 2006/009/74-1(SC)

C.I.F. G-36.975.944

Rosalía de Castro 5, Barrantes
36636 Ribadumia, Pontevedra



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Familia, Infancia
e Dinamización Demográfica

ANEXO II

PROGRAMA DE PREPARACIÓN, APOIO E ACOMPAÑAMENTO ÁS FAMILIAS ADOPTIVAS

Co fin de cumprir os obxectivos do programa e cubrir as necesidades das familias adoptivas, en calquera momento do proceso, e das persoas adoptadas a Asociación MANAIA comprométese a poñer en marcha as seguintes actividades nos sete grandes concellos de Galicia:

A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago e Vigo.

ATENCIÓN ÁS FAMILIAS

Telefónica:

- Todos os días laborables en horario de oficina.

Electrónica:

- Todos os días laborables en horario de oficina.

Presencial:

- 1 día o mes, en horario de mañá e tarde, en cada unha das sete cidades.
- Esta atención presencial realizarase en locais dispostos por MANAIA. Tamén prestarase atención personalizada noutras datas e horarios, sempre que a consulta o precise.

Web:

- 24 horas o día e 365 días o ano a través da web e as diferentes redes sociais.
- Na web poderase consultar toda a información sobre o funcionamento da asociación e do programa: servizos, axenda, proxectos, biblioteca-videoteca, saúde na adopción, deducións e axudas, tramitación de adopción nacional e internacional, noticias e ligazóns a outros sitios de interese...

OBRADOIROS DE FAMILIA E GRUPOS DE APOIO

Posta en marcha de obradoiros de familia e grupos de axuda mutua específicos, tanto para nais e pais como para nenas e nenos, moderados nalgúns casos polas propias familias e noutros por profesionais especializados. Terán metodoloxías participativas centradas nas demandas das propias familias que participen.



ASOCIACIÓN MANAIA

Inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia co número 200260977-1(SC)

C.I.F. G-36.975.944

Rosalía de Castro 5, Barrantes
36636 Ribadumia, Pontevedra



Temporalización:

- 1 ó mes en cada unha das sete cidades (agás agosto)

Duración:

- 2 horas.

Metodoloxía:

- Charlas, coloquios, debates, cinefóruns, obradoiros, GAMs (grupos de axuda mutua)...

TOTAL:

- 11 sesións por cidade x 7 cidades = 77 sesións (154 horas)

ENCONTROS FAMILIARES

Actividades de carácter preparatorio e orientativo, ca presenza de profesionais de recoñecido prestixio. Dirixidas a familias adoptivas e abertas a todos os interesados. Con temática tanto preadoptiva como postadoptiva.

Esta actividade contará sempre con servizo de ludoteca durante a súa duración, ca finalidade de que ningunha familia quede sen asistir por non ter quen coide das fillas e fillos.

Formato:

- Mañá: Charla/Coloquio.
- Mediodía: Xantar/pícnic.
- Tarde: Obradoiros e/ou actividades lúdicas.

Temporalización:

- 1 sábado ó ano en cada unha das sete cidades.

Duración:

- Mínimo 4 horas.

Metodoloxía:

- Charlas, conferencias, obradoiros, actividades lúdicas...

TOTAL:

- 1 sesión por cidade x 7 cidades = 7 sesións (mínimo 24 horas)

CONGRESOS, SIMPOSIOS, XUNTANZAS...

A Asociación MANAIA comprométese a organizar, colaborar na organización, participar ou asistir a todo tipo de actividades relacionadas coa adopción, sempre que teñan como obxectivo analizar, estudar, informar ou mellorar o eido adoptivo, preferentemente no territorio de Galicia.



ASOCIACIÓN MANAIA

Inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia co número 2006/00977-1(SC)

C.I.F. G-36.975.944

Rosalía de Castro 5, Barrantes
36636 Ribadumia, Pontevedra



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL

Dirección Xeral de Familia, Infancia
e Dinamización Demográfica

A Asociación MANAIA organizará cada dous anos o Congreso Galego de Adopción.

PROGRAMA	Localización	Cantidade	Periodicidade
ATENCIÓN	- Telefónica		- Diaria
	- Electrónica		- Diaria
	- Presencial		- Unha vez o mes en cada unha das cidades
	- Web		- Diaria
OBRADOIROS	- A Coruña	- 11 obradoiros	- 2 horas, mensual
	- Ferrol	- 11 obradoiros	- 2 horas, mensual
	- Lugo	- 11 obradoiros	- 2 horas, mensual
	- Ourense	- 11 obradoiros	- 2 horas, mensual
	- Pontevedra	- 11 obradoiros	- 2 horas, mensual
	- Santiago	- 11 obradoiros	- 2 horas, mensual
	- Vigo	- 11 obradoiros	- 2 horas, mensual
ENCONTROS	- A Coruña	- 1 encontro	- 4 horas, anual
	- Ferrol	- 1 encontro	- 4 horas, anual
	- Lugo	- 1 encontro	- 4 horas, anual
	- Ourense	- 1 encontro	- 4 horas, anual
	- Pontevedra	- 1 encontro	- 4 horas, anual
	- Santiago	- 1 encontro	- 4 horas, anual
	- Vigo	- 1 encontro	- 4 horas, anual



ASOCIACIÓN MANAIA

Inscrita no Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia co número 2000/006774-1(SC)

C.I.F. G-36.975.944

Rosalía de Castro 5, Barrantes
36636 Ribadumia, Pontevedra